


CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS DE APARELLADORES E ARQUITECTOS TÉCNICOS E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP), PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS FORMATIVAS EN CONCELLOS E DEPUTACIÓN DE GALICIA, POR ARQUITECTOS TÉCNICOS

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2022

REUNIDOS


Dunha parte, o Sr. D. Roberto Medín Guyatt, presidente do Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos (en adiante Consello Galego), que actúa en nome e representación do Consello Galego segundo o acordo da Xunta de Goberno do Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos.

Doutra parte, o Sr. D. Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante Fegamp), que actúa para este acto no exercicio das facultades que lle confiren os artigos 44 y 46.1.b dos seus Estatutos.



Ambas partes recoñecen a súa competencia e capacidade para formalizar o presente Convenio de Colaboración e

EXPOÑEN



I. Que o CONSELLO GALEGO é unha corporación de Dereito Público que ten entre as súas funcións a de promover e impulsar a formación permanente dos Colexiados; a de promover e organizar para os Colexiados actividades e servizos comúns de interese de carácter profesional e a de procurar o maior nivel de emprego para os Colexiados.

II. Que con dito motivo, o CONSELLO GALEGO desenvolve accións para favorecer a formación dos Arquitectos Técnicos Colexiados en calquera dos 4 Colexios de Galicia, como cursos e programas de formación para especialización na Enxeñería de Edificación, dirixidos á ampliación de coñecementos e a completar a súa formación práctica.

III. Que a Federación Galega de Municipios e Provincias é unha asociación de todos os entes locais de Galicia.

Entre os seus fins atópase o fomento e a defensa da autonomía das entidades locais e promover, representar e defender os intereses das mesmas ante outras administracións públicas.

A FEGAMP está lexitimada para firmar o presente convenio, amparada nos seus Estatutos e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (Disposición Adicional Quinta).

Así mesmo, respecta a autonomía local de cada un dos seus asociados e centra o seu labor diario nas funcións recollidas nos seus estatutos fundacionais:

- Fomentar e defender a autonomía das Entidades Locais
- Promover, representar e defender os intereses das Entidades Locais ante outras administracións públicas.
- Calquera outro que afecte ou incida de forma directa ou indirecta aos seus asociados ou á propia Federación.

Con esta finalidade, a FEGAMP ten capacidade para:

- Facilitar intercambios de información mutua.
- Constituír servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
- Organizar e participar en reunións, seminarios, congresos e xornadas de estudo e orientación.
- Dirixirse aos poderes públicos, intervindo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecta aos Entes Locais.
- Promover publicacións, estudos e documentos informativos na materia da súa competencia.

IV. Que, de acordo coa evolución experimentada polo ámbito local galego e as perspectivas de futuro, resulta de especial interese a formación de cadros de especialistas de cara a unha modernización das técnicas de xestión nos Concellos, Deputacións e demais entes locais galegos.

V. Que o CONSELLO GALEGO e a FEGAMP consideran esencial o establecemento de accións conxuntas aos efectos de abordar de modo complementario a resolución da problemática anteriormente sinalada.

Por todo elo, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, que se axustará ás seguintes:

CLÁUSULAS

1. OBXECTO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes, de cara a unha axeitada programación, desenvolvemento e verificación de prácticas non laborais de Arquitectos Técnicos colexiados desempregados, en concellos e deputacións de Galicia.

2. OBXECTO DAS PRÁCTICAS

O obxecto das prácticas non laborais é o desenvolvemento por parte destes Arquitectos Técnicos, das tarefas axeitadas ao seu nivel de formación, que lles sirvan para adquirir unha experiencia enriquecedora para que, unha vez finalizadas, poidan dispoñer dunha perspectiva que lles permita a súa incorporación ao mundo laboral.

3. OFERTA DE PRAZAS DE PRÁCTICAS

A FEGAMP comprométese a colaborar co CONSELLO GALEGO, facilitando aos alumnos a realización das prácticas que lles permitan completar a súa formación, no ámbito local.

Para iso, a FEGAMP divulgará entre os concellos e deputacións de Galicia, a existencia deste convenio, coa finalidade de que estes oferten prazas de prácticas para arquitectos técnicos.

A oferta de prácticas realizarase mediante a adhesión a este convenio e o compromiso de respectar as cláusulas que o rexen, para o que se utilizará o modelo Anexo I. As ofertas recibidas trasladaranse ao CONSELLO GALEGO, o cal as divulgará entre os seus colexiados desempregados.

Tanto os concellos como as deputacións colaboradoras citaranse, a partires deste punto, como ENTIDADES COLABORADORAS. Os Arquitectos Técnicos que realicen as prácticas, serán nomeados, desde este momento, como BOLSEIROS/AS.

As ENTIDADES COLABORADORAS e o CONSELLO GALEGO, asinarán, para cada caso particular, un "Convenio de colaboración para a formación práctica de Arquitectos Técnicos colexiados", segundo o modelo do Anexo II.

4. COORDINACIÓN DOS CONVENIOS

A coordinación e supervisión dos convenios de prácticas realizaranse, por parte do CONSELLO GALEGO, polo Presidente que estea nomeado nese momento e, pola FEGAMP, polo seu responsable de convenios ou a persoa designada para tal fin por esta entidade.

5. PROGRAMA DE PRÁCTICAS

O programa de prácticas será establecido pola ENTIDADE COLABORADORA, coa supervisión do CONSELLO GALEGO, recolléndose nun documento, segundo o modelo do Anexo IV.

O período de prácticas será de duración determinada, non sendo, en calquera caso, inferior a tres meses nin superior a seis meses.

As datas do período de prácticas determinaranse en cada caso concreto de común acordo entre as partes.

6. TITORES

O CONSELLO GALEGO designará, en cada caso, un titor académico responsable do correcto desenvolvemento das prácticas.

Para as prácticas de cada colexiado, a ENTIDADE COLABORADORA designará a un titor do colexiado. Este titor velará e controlará a realización das prácticas, mantendo para elo as relacións da ENTIDADE COLABORADORA co colexiado, o seu titor académico e os coordinadores do convenio.

A ENTIDADE COLABORADORA obrigárase a cumprir o programa de prácticas e a facilitar as instalacións e medios necesarios para conseguir os obxectivos deste.

7. SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES

O CONSELLO GALEGO seleccionará aos/ás BOLSEIROS/AS que desenvolverán as prácticas, de acordo a principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.

8. RELACIÓN BOLSEIRO/A - ENTIDADE COLABORADORA

A relación BOLSEIRO/A - ENTIDADE COLABORADORA non suporá máis compromiso que o derivado do presente convenio. En ningún caso xerará relación laboral.

Dado o carácter formativo das prácticas externas que se contemplan no presente documento, da súa realización non se derivará, en ningún caso, obrigas propias dunha relación laboral, nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo.

Os traballos dos BOLSEIROS/AS non teñen como finalidade a súa integración no proceso produtivo da ENTIDADE COLABORADORA senón a súa formación práctica.

A ENTIDADE COLABORADORA preverá para este convenio a dotación dunha bolsa por valor de 1.000 euros brutos ao mes a xornada completa ou 600 euros brutos ao mes media xornada, que quedará reflectida no documento de adscrición de cada colexiado as prácticas e cuxo abono se axustará ás previsións legais vixentes.


Na medida en que as prácticas conleven unha bolsa con prestación económica por parte da ENTIDADE COLABORADORA, esta obrígase a cumprir as normas establecidas no Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro.

A relación ENTIDADE COLABORADA – BOLSEIRO/A formalizarase nun documento escrito, asinado por ambos, que se xunta a este convenio como Anexo III.

9. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO:

Para o seguimento deste convenio establécese unha comisión mixta, na que participarán, pola FEGAMP, as dúas persoas que designe, e polo CONSELLO GALEGO, o Presidente e o Vicepresidente.

Esta Comisión Mixta comprométese a cumprir os obxectivos que xustifican a sinatura deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- 
- Dar traslado por parte do Consello Galego e da entidade colaboradora dos titores asignados.
 - Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
 - Proponer *addendas* ou modificacións a este convenio para que sexan aprobadas polos órganos competentes.

10. ENTRADA EN VIGOR E VIXENCIA DO CONVENIO:

O presente convenio terá vixencia desde o día seguinte da súa formalización e estenderá a súa vixencia ata o día 30 de maio de 2023, sen prexuízo da súa prórroga mediante acordo expreso e unánime das partes por períodos anuais ata un máximo de catro anualidades, tendo en conta o disposto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

11. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.-

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.


12. NATUREZA XURÍDICA.-

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo e no seu defecto, polas normas de dereito privado.

13. MODIFICACIÓN.-

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade das entidades firmantes e formalizarase mediante a subscrición da correspondente *addenda* ao mesmo.

14. RESOLUCIÓN.-



O convenio poderá resolverse, ademais das causas específicas recollidas na lexislación, por algunha das seguintes:

1ª. Dificultades insuperables debidamente xustificadas que impidan levar a bo termo as actividades estipuladas.

2ª. Por incumprimento dos compromisos acordados, non emendado no prazo de 30 días hábiles dende o requirimento escrito da outra parte.

A resolución anticipada do convenio non afectará as actividades iniciadas e pendentes de finalización, de acordo co contido deste e dos acordos específicos que se subscriban no seu desenvolvemento.

15. XURISDICIÓN:

As dúas partes comprométese a resolver de común acordo todas as cuestións de interpretación e seguimento, así como a resolución de cantos conflitos puideran xurdir no seu desenvolvemento.

En defecto de acordo, as controversias que poidan xurdir entre as partes resolveranse polos Xulgados e Tribunais do contencioso administrativo de Santiago de Compostela, aos que ambas partes se someten expresamente.

Pola FEGAMP


D. Alberto Varela Paz
Presidente

Polo CONSELLO GALEGO


D. Roberto Medin Guyatt
Presidente

ANEXO I

DOCUMENTO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS – FEGAMP E O CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS DE APARELLADORES E ARQUITECTOS TÉCNICOS PARA A ORGANIZACIÓN DE PRÁCTICAS DOS COLEXIOS GALEGOS


D./D^a. _____, Alcalde/sa do Concello / Presidente/a da
Deputación de : _____

Manifesta a adhesión do Concello de _____, así como a aceptación dos compromisos establecidos no convenio arriba citado, para a organización de prácticas formativas aos Arquitectos Técnicos

Departamentos onde poderán realizar prácticas os alumnos (e nº de prazas)

Periodos preferentes para a realización das prácticas:

Ena.....dede





CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A FORMACIÓN PRÁCTICA DE ARQUITECTOS TÉCNICOS, ENTRE O CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS DE APARELLADORES E ARQUITECTOS TÉCNICOS E

(ENTIDADEE COLABORADORA)

Dunha parte o Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, con CIF nº V15668148 e domicilio na C/ Ramón Piñeiro, 23 baixo; 15702, Santiago de Compostela, representado polo seu Presidente D. ----- con NIF nº: -----

Doutra parte, o _____ *Entidadee Colaboradora*, con CIF Nº _____ e domicilio na C/ _____ de _____ representado por D. _____, según escritura outorgada ante o Notario D. _____, inscrita no Rexistro Mercantil.

Ambas partes se recoñecen mutuamente, na representación que ostentan, capacidade legal suficiente para subscribir o presente convenio e a tal efecto

EXPOÑEN

I.- Que o Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, corporación de Dereito Público, ten entre as súas funcións a de promover e impulsar a formación permanente dos colexiados; a de promover e organizar para os colexiados actividades e servizos comúns de interese de carácter profesional e a de procurar o maior nivel de emprego para os colexiados.

II.- Con dito motivo o Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos desenvolve accións para favorecer a formación dos seus colexiados, como cursos e programas de formación

III.- (*Entidade colaboradora*), é membro da Federación Galega de Municipios e Provincias.

IV.- As partes teñen interese en subscribir un convenio para a formación práctica dos colexiados, que asumirán a condición de bolseiros, e que non impliquen relación laboral entre o bolseiro e a *Entidade colaboradora*.

As partes coñecen que estas becas non se regulan polo Real Decreto 1543/2011 polo que se regulan as prácticas non laborais en Entidade colaboradoras nin no Real Decreto 592/2014 de 11 de xullo polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

V.- Por estes motivos, as partes acordan subscribir o presente **CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A FORMACIÓN PRÁCTICA** e por canto se desenvolve no presente documento de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Polo presente convenio as partes establecen un acordo co obxecto de fixar as liñas de colaboración entre a *Entidade colaboradora* e o Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos en relación ás prácticas dos colexiados deste último nun centro de traballo de aquela.



Segunda.- As prácticas na *Entidade colaboradora* teñen por obxecto esencial asegurar a aplicación práctica dos coñecementos adquiridos polos colexiados co cursado e superación da titulación de Grado en Arquitectura Técnica.

Terceira.- O programa de formación será establecido pola *Entidade colaboradora*, con supervisión do Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, en función dos programas que seguira o colexiado.

Cuarta.- O período de prácticas será de duración determinada, non sendo en calquera caso superior a seis meses.

As datas do período de prácticas determinaranse en cada caso concreto de común acordo entre as partes, procurando si é posible, a maior continuidade temporal co período formativo do bolseiro.

Quinta.- A coordinación e supervisión do presente convenio realizarase polas seguintes persoas:

Por parte do Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, D. _____, Presidente do Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos

Por parte da Entidade Colaboradora, D. _____

Sexta.- O Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos designará un titor académico responsable do correcto desenvolvemento das prácticas.

Sétima.- Para as prácticas de cada colexiado, a Entidade Colaboradora designará a un titor do colexiado. Este titor velará e controlará a realización do programa de formación mantendo para elo as relacións da Entidade Colaboradora co colexiado bolseiro, o seu Titor Académico e os coordinadores do Convenio.

A Entidade Colaboradora obrígase a cumprir o Plan de Formación e a facilitar as instalacións e medios necesarios para conseguir os obxectivos deste.

Oitava.- A relación colexiado – Entidade Colaboradora non suporá mais compromiso que o derivado do presente Convenio. En ningún caso xerará relación laboral.

Dado o carácter formativo das prácticas externas que se contemplan no presente documento, da súa realización non se derivará, en ningún caso, obrigas propias dunha relación laboral, nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo.

Os traballos dos bolseiros non teñen como finalidade a súa integración no proceso produtivo da Entidade Colaboradora senón a súa formación práctica.

A relación Entidade Colaboradora bolseiro formalizarase nun documento escrito, asinado pola Entidade Colaboradora e o colexiado, que recollerá as seguintes obrigas do colexiado:

1. Autorizar o tratamento dos seus datos de carácter persoal pola Entidade Colaboradora e entregar a documentación que se establecera na convocatoria da beca ou aquela outra, a petición da Entidade Colaboradora, que sexa necesaria ou conveniente para os fins e desenvolvemento da práctica formativa.
2. Respetar a natureza formativa da súa vinculación coa Entidade Colaboradora.
3. Cumprir os requisitos establecidos pola Entidade Colaboradora.
4. Respetar en todo momento a normativa da Entidade Colaboradora, seguindo as instrucións que lle sexan dadas polo responsable da mesma e cumprir co plan de formación.



5. Desenvolver unha actitude favorable na súa integración formativa na Entidade Colaboradora e aplicarse con total dilixencia e aproveitamento.
6. Informar aos titores das súas actividades na Entidade Colaboradora e manter con eles as reunións que este estime oportunas, así como a participar activamente nas actividades de seguimento establecidas tamén polo mesmo. Todo isto se producirá dentro do horario establecido no plan de formación.
7. Gardar con absoluto rigor o secreto profesional e confidencialidade sobre cantas informacións poidan chegar a coñecer en relación co proceso produtivo, sistemas técnicos empregados na Entidade Colaboradora ou calquera aspecto económico, comercial ou administrativo de análoga natureza. Así como a non explotar aqueles traballos realizados na práctica obxecto deste convenio, sen a autorización expresa en ambos casos da Entidade Colaboradora. Este compromiso será válido, non só durante a práctica, senón tamén unha vez finalizada esta, por un período que, no seu caso, establecerá a propia Entidade Colaboradora. Esta circunstancia deberá ser recollida no correspondente documento.
8. No caso de enfermidade ou lesión do colexiado, este deberá comunicar a súa situación á Entidade Colaboradora, presentando o oportuno parte médico xustificativo da mesma, tendo dereito a ausentarse da Entidade Colaboradora sen que isto ocasione ningunha modificación a súa axuda económica, sempre e cando a ausencia non exceda os 3 días. No caso de que a ausencia supere os 3 días, a axuda económica prestada ao colexiado será reducida proporcionalmente ao tempo de ausencia, sen incluír en dita redución os 3 primeiros días da baixa. Por último, no caso de que a ausencia por enfermidade alcance os 15 días, a Entidade Colaboradora poderá optar por rescindir as prácticas.
9. No caso de renuncia, o colexiado quedará obrigado a comunicalo á Entidade Colaboradora e ao Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos con 7 días de antelación.
10. Ao longo do período da práctica, o interesado estará obrigado a entregar calquera outra documentación complementaria que estime conveniente a Entidade Colaboradora ou o Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos para comprobar os datos ou méritos alegados.
11. Cumprimentar e presentar á terminación das prácticas o Cuestionario de Avaliación enviado polo Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos o cal recollerá información acerca das actividades desenvolvidas durante o período de prácticas.
12. Intentar resolver calquera cuestión relacionada co desenvolvemento das prácticas de xeito extraxudicial, e pactando expresamente que toda controversia que poida xurdir respecto do acordo e do desenvolvemento do período formativo se resolva mediante arbitraje a administrar pola Corte de Arbitraje do Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Avogados da Coruña, con suxeición aos seus Estatutos e Regulamento de Procedemento.

Noveno.- Non obstante o carácter formativo das prácticas e sen que elo se altere en forma algunha o seu carácter, durante o período das prácticas, os colexiados bolseiros deberán respectar o réxime de funcionamento existente na *Entidade Colaboradora*, en canto resulte compatible coa normativa aquí establecida.

Décima.- En caso de incumprimento polo colexiado-bolseiro do Programa de Prácticas ou de ter o mesmo algún comportamento prexudicial ou que disturbe a dinámica da *Entidade Colaboradora*, esta resérvase o dereito de poñer fin ás prácticas, despois de advertir ao titor académico do bolseiro en concreto.



Decimo primeira.- Para o presente Convenio de Colaboración Formativa, a Entidade Colaboradora que acolle aos colexiados-bolseiros, preverá para o mesmo unha bolsa cuxa cantidade económica quedará reflectida no documento de adscrición de cada colexiado ás prácticas e cuxo abono se axustará ás previsións legais vixentes.

Na medida en que as prácticas conleven unha bolsa con prestación económica por parte da Entidade Colaboradora, esta obrígase a cumprir as normas establecidas no Real Decreto 1493/2011 de 24 de outubro de 2011.

Decimo segunda.- En documento anexo, reflexaranse os nomes concretos dos colexiados beneficiarios deste Convenio, a duración das súas prácticas e, no seu caso, a contía económica da bolsa que vaian a percibir.

Decimo terceira.- A Entidade Colaboradora declara ter un seguro suficiente de responsabilidade civil e de accidentes que asegure a responsabilidade do bolseiro no desempeño da bolsa así como os posibles accidentes que puidera sufrir durante o período formativo de prácticas.

Decimo cuarta.- Todos os gastos non previstos no presente Convenio como os de aloxamento, manutención, transporte e demais que puidera ocasionarlle as prácticas ao colexiado, correrán ao seu exclusivo cargo.

Decimo quinta.- Este convenio non supón cesión de datos de carácter persoal polo Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos á Entidade Colaboradora nin viceversa. Os alumnos proporcionarán directamente os seus datos ao Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos e á Entidade Colaboradora.

En calquera caso, tanto a *Entidade colaboradora* como o Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos comprométense a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e de normativa de desenvolvemento, en concreto no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD.

Decimo sexta.- O período de vixencia deste Convenio de colaboración será dun ano, sen prexuízo da súa prórroga mediante acordo expreso e unánime das partes por períodos anuais ata un máximo de catro anualidades, tendo en conta o disposto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Decimo sétima.- Á finalización do período de prácticas de cada colexiado, a Entidade Colaboradora deberá emitir un certificado polo que se recoñeza a este o tempo de prácticas realizado, con expresa mención da especialidade á que estivo orientada a súa formación, así como o programa desenvolto.

Decimo oitava.- As partes poderán publicitar este acordo. Non obstante, a utilización dos logos do Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos ou da Entidade Colaboradora requirirán do consentimento escrito da outra parte.



Entidade Colaboradora

Decimo novena.- As partes acordan intentar resolver amistosamente calquera cuestión relacionada co presente convenio e facer os seus mellores esforzos para elo.

Así mesmo pactan expresamente que toda controversia que poida xurdir respecto deste contrato e a súa execución, e non se resolve amistosamente, se resolva en todo caso mediante arbitraje a administrar pola Corte de Arbitraje do Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Avogados da Coruña, con suxeición aos seus Estatutos e Regulamento de Procedemento.

E sendo de conformidade das partes, asinan este Convenio de Colaboración Formativa para a realización de Prácticas, en cada unha das súas cinco páxinas, por duplicado na Coruña ade..... de

Polo Consello Galego de Colexios de
Aparelladores e Arquitectos Técnicos

Pola Entidade Colaboradora

Asdo.: D.
Presidente

Asdo.: D.



ACORDO PARA A FORMACIÓN PRÁCTICA ENTRE O
(ENTIDADE COLABORADORA) E
D. _____

Dunha parte, _____ (Entidade Colaboradora), con CIF nº _____ e domicilio na C/ _____, en *adiante* Entidade Colaboradora, segundo escritura _____ outorgada ante o Notario: _____, inscrita no Rexistro Mercantil.

Doutra parte, D. _____, con DNI: _____, Arquitecto Técnico, colexiado nº: _____ do Colexio de _____ o cal forma parte do Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos.

Ambas partes recoñécense mutuamente, na representación que ostentan, capacidade legal suficiente para subscribir o presente ACORDO e a tal efecto

EXPOÑEN

I.- Que o Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos e *Entidade Colaboradora* subscribiron un Convenio de Colaboración para a formación práctica de Arquitectos Técnicos.

II.- Que ao amparo de dito convenio as partes subscriben este acordo para a formación práctica do Arquitecto Técnico, D. _____.

ACORDAN

Primeira.- Que o Arquitecto Técnico, colexiado D. _____, colexiado nº: _____ ao amparo do Convenio entre a *Entidade Colaboradora* e o Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, vai a realizar prácticas formativas en _____ cunha beca mensual de 1.000 euros, durante o período de _____ a _____.

Segunda.- As prácticas na *Entidade Colaboradora* teñen por obxecto esencial asegurar a aplicación práctica dos coñecementos adquiridos polo Arquitecto Técnico co cursado e superación da titulación de Arquitecto Técnico.



Terceira.- O programa de prácticas será establecido pola *Entidade Colaboradora*, con supervisión do Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, en función dos programas que seguira o bolseiro.

Xúntase Programa de Prácticas.

Cuarta.- A coordinación e supervisión do presente Convenio realizarase polas seguintes persoas:

Por parte do Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos:

- _____

Por parte da *Entidade Colaboradora*:

- _____

Quinta.- O Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos designou como titor académico responsable do correcto desenvolvemento das prácticas a D. _____

Sexta.- A Entidade Colaboradora designa como titor do bolseiro a D. _____

Este titor velará e controlará a realización do Programa de Prácticas mantendo para elo as relacións da Entidade Colaboradora co colexiado bolseiro, o seu Titor Académico e os coordinadores do Convenio.

A *Entidade Colaboradora* obrígase a cumprir o Plan de Formación e a facilitar as instalacións e medios necesarios para conseguir os obxectivos deste.

Sétima.- A relación bolseiro coa *Entidade Colaboradora* non suporá máis compromiso que o derivado do presente Acordo. En ningún caso xerará relación laboral.

Dado o carácter formativo das prácticas externas que se contemplan no presente documento, da súa realización non se derivará, en ningún caso, obrigas propias dunha relación laboral, nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo.

Os traballos do bolseiro non teñen como finalidade a súa integración no proceso produtivo da *Entidade Colaboradora* senón a súa formación práctica.

Oitava.- O bolseiro obrígase a:

1. Autorizar o tratamento dos seus datos de carácter persoal pola *Entidade Colaboradora* e a remisión de datos e información ao Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, así como a entregar a documentación que establecera a convocatoria da beca ou



aquela outra, a petición da *Entidade Colaboradora*, que sexa necesaria ou conveniente para os fins e desenvolvemento da práctica formativa.

2. Respetar a natureza formativa da súa vinculación coa *Entidade Colaboradora*.
3. Cumprir os requisitos establecidos pola *Entidade Colaboradora* ofertante.
4. Respetar en todo momento a normativa da *Entidade Colaboradora*, seguindo as instrucións que lle sexan dadas polo responsable da mesma e cumprir co Plan de Formación.
5. Desenvolver unha actitude favorable na súa integración formativa na *Entidade Colaboradora* e aplicarse con total dilixencia e aproveitamento.
6. Informar aos titores das súas actividades na *Entidade Colaboradora* e manter con eles as reunións que este estime oportunas, así como a participar activamente nas actividades de seguimento establecidas tamén polo mesmo. Todo isto se producirá dentro do horario establecido no Plan de Formación.
7. Gardar con absoluto rigor o secreto profesional e confidencialidade sobre cantas informacións poidan chegar a coñecer en relación co proceso produtivo, sistemas técnicos empregados na *Entidade Colaboradora* ou calquera aspecto económico, comercial ou administrativo de análoga natureza. Así como a non explotar aqueles traballos realizados na práctica obxecto deste convenio, sen a autorización expresa en ambos casos da *Entidade Colaboradora*. Este compromiso será válido, non só durante a práctica, senón tamén unha vez finalizada esta, por un período que, no seu caso, establecerá a propia *Entidade Colaboradora*. Esta circunstancia deberá ser recollida no correspondente documento.
8. No caso de enfermidade ou lesión do bolseiro, este deberá comunicar a súa situación á *Entidade Colaboradora*, presentando o oportuno parte médico xustificativo da mesma, tendo dereito a ausentarse da *Entidade Colaboradora* sen que isto ocasione ningunha modificación á súa axuda económica, sempre e cando a ausencia non exceda os 3 días. No caso de que a ausencia supere os 3 días, a axuda económica prestada ao bolseiro será reducida proporcionalmente ao tempo de ausencia, sen incluír en dita redución os 3 primeiros días da baixa. Por último, no caso de que a ausencia por enfermidade alcance os 15 días, a *Entidade Colaboradora* poderá optar por rescindir as prácticas.
9. No caso de renuncia, o bolseiro quedará obrigado a comunicalo á *Entidade Colaboradora* e ao Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos con 7 días de antelación.
10. Ao longo do período da práctica, o interesado estará obrigado a entregar calquera outra documentación complementaria que estime conveniente a *Entidade Colaboradora* ou o Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos para comprobar os datos ou méritos alegados.



11. Cumprimentar e presentar á terminación das prácticas o Cuestionario de Avaliación enviado polo Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos o cal recollerá información acerca das actividades desenvoltas durante o período de prácticas.

12. Intentar resolver calquera cuestión relacionada co desenvolvemento das prácticas de maneira extraxudicial, e pactando expresamente que toda controversia que poida xurdir respecto do acordo e do desenvolvemento do período formativo se resolva mediante arbitraje a administrar pola Corte de Arbitraje do Colexio de Avogados da Coruña, con suxeición aos seus Estatutos Regulamento de Procedemento.

Novena.- Non obstante o carácter formativo das prácticas e sen que elo se altere en forma algunha o seu carácter, durante o período das prácticas, o bolseiro obrígase a respectar o réxime de funcionamento existente na *Entidade Colaboradora*, en canto resulte compatible coa normativa aquí establecida.

Décima.- En caso de incumprimento polo colexiado - bolseiro do Programa de Prácticas ou de ter o mesmo algún comportamento prexudicial ou que disturbe a dinámica da *Entidade Colaboradora*, esta resérvase o dereito de poñer fin ás prácticas, despois de advertir ao titor académico do bolseiro en concreto.

Decimo primeira.- Na medida en que as prácticas conlevan unha beca con prestación económica por parte da *Entidade Colaboradora*, esta obrígase a cumprir as normas establecidas no Real Decreto 1493/2011 de 24 de outubro de 2011.

Decimo segunda.- A *Entidade Colaboradora* declara ter un seguro suficiente de responsabilidade civil e de accidentes que asegure a responsabilidade do bolseiro no desempeño da beca así como os posibles accidentes que puidera sufrir durante o período formativo de prácticas.

Decimo terceira.- A finalización do período de prácticas. A *Entidade Colaboradora* emitirá un certificado polo que se recoñeza a este o tempo de prácticas realizado, con expresa mención da especialidade á que estivera orientada a súa formación, así como o programa desenvolto.

Decimo cuarta.- As partes acordan intentar resolver amistosamente calquera cuestión relacionada co presente acordo e facer os seus mellores esforzos para elo.

Así mesmo pactan expresamente que toda controversia que poida xurdir respecto deste contrato e a súa execución, e non se resolva amistosamente, se resolva en todo caso mediante arbitraje a administrar pola Corte de Arbitraje do Colexio de Avogados da Coruña, con suxeición aos seus Estatutos e Regulamento de Procedemento.



Decimo quinta.- As partes comprométense a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e de normativa de desenvolvemento, en concreto no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD.

E sendo de conformidade das partes, asinan este Acordo para a realización de Prácticas, en cada unha das súas cinco páxinas, por duplicado en a de..... de

O/a Arquitecto/a Técnico/a

Entidade Colaboradora

Asdo.: _____

Asdo.: _____

PROGRAMA DE PRÁCTICAS CONVENIO ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS - FEGAMP E O CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS DE APARELLADORES E ARQUITECTOS TÉCNICOS

Entidade colaborada adherida	
Colexiado seleccionado	
Desenvolvemento formativo do colexiado (a definir polo receptor da práctica)	
Responsable da tutela	
Por parte da Entidade colaboradora	
Por parte do Colexio	
Área formativa á que se adscribe o colexiado na Entidade colaboradora (a definir pola empresa que outorga a beca de formación)	
Duración do programa	6 meses

Asdo:
(Tutor por parte da Entidade Colaboradora)



Asdo:
(Tutor por parte do Consello Galego)

ANEXO IV Programa de formación

1. Contidos formativos.

2. Competencias que deben adquirirse

